

ASUNTO PLE/2023/00006470N

ACTA NÚM. 2 - SESIÓN EXTRAORDINARIA 16 DE FEBREIRO DE 2023

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:10 horas** do día **16 de febreiro de 2023**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

ASISTEN:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Dona María Esther Pedrosa Carrete
Don Rubén Prol Mariño
Dona María Begoña Rodríguez Rodríguez (toma posesión punto 1º)

PP:

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres
Don Pedro José Rey Sanchiz

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey
Dona Marta Irene Lois González
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei
Dona Navia Rivas de Castro

Concelleiro non adscrito:

Don José Javier Fernández Martínez.

José Manuel González García, vicesecretario do Concello de Santiago de Compostela.

ORDE DO DÍA:

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00006470N.

Toma posesión do cargo de concelleira Dona María Begoña Rodríguez Rodríguez.

2. PLANEAMENTO. Referencia: 2022/00040171K.

Aprobación definitiva da modificación puntual do Título III do PXOM. Regulación de usos.

3. ALCALDÍA. Referencia: 2023/00006470N.

Concesión da Medalla de permanencia da Policía Local de Santiago de Compostela.

4. Comparecencia do concelleiro responsable do contrato de alugueiro dun inmovible no parque empresarial da Sionlla.

Antes de dar comezo ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día, teñen lugar as seguintes intervencións:

Dona Estrella Ferreiro Díaz e Don Miguel López Castro, ambas intervencións en relación co punto núm. 2 da orde do día.

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00006470N.

TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELEIRA DONA MARÍA BEGOÑA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.

Preséntase no salón de sesións Dona María Begoña Rodríguez Rodríguez, e acreditada a recepción da credencial de concelleira expedida pola Xunta Electoral Central, así como a declaración cumprimentada do rexistro de intereses e as causas de posible incompatibilidade e actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos, procede a prometer cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, tomando posesión do cargo de concelleira.

2. PLANEAMENTO. Referencia: 2022/00040171K.

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO TÍTULO III DO PXOM. REGULACIÓN DE USOS.

A proposta é do seguinte teor literal:

“A xefa da Sección de Xestión Urbanística, con data 10 de febreiro de 2023 e en relación coa Modificación puntual do Título III do PXOM para a regulación dos usos, emitiu o seguinte informe, ao que presta o seu conforme o secretario xeral do Pleno:

1. “CONTIDO E ALCANCE DA MODIFICACIÓN

A MP formúlase polos técnicos do Servizo Municipal de Planeamento e Xestión, co obxecto principal de reformar a normativa de usos do vixente *Plan xeral de ordenación municipal* (PXOM).

Con esta finalidade, a MP afecta ás seguintes disposicións da Normativa urbanística do PXOM:

- Normas xerais e condición de uso reguladas nos artigos 103 a 120 (Capítulo I do Título III)
- Ordenanza do sistema de equipamento e dotacións (artigo 136, Capítulo III do Título III)
- Ordenanzas reguladoras do solo urbano (artigos 138 a 151, Capítulo IV do Título III)
- Ordenanzas reguladoras do solo de núcleo rural (artigos 153 e 154, Capítulo V do Título III)
- Disposición final primeira (Derrogación e adaptación do planeamento anterior)
- Disposición final décimo sexta (Uso residencial comunitario)

Ademais, actualizouse a Disposición transitoria quinta (Plan especial de protección da cidade histórica PE-1), co obxecto de incorporar todas as Modificacións puntuais e en vigor aprobadas con posterioridade á aprobación do PXOM.

Para coñecer con maior precisión o contido e alcance da MP, pode consultarse o acordo de aprobación inicial -adoptado polo Pleno Municipal o día 12.03.2021- así como o resumo executivo elaborado para dar cumprimento ao artigo 144.6 do RLSG.

1. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉGICO

A MP foi obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada, emitíndose o preceptivo informe ambiental estratéxico (IAE) por resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático de data 16.02.2021, que consta publicada no Diario Oficial de Galicia o día 2.03.2021.

2. AUDIENCIA A CONCELLOS LIMÍTROFES E INFORMES SECTORIAIS

En cumprimento do disposto polo artigo 60.7 da LSG, con data 8.10.2021 a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informe sobre o resultado do trámite de audiencia aos Concellos limítrofes e dos informes sectoriais autonómicos preceptivos.

No referido trámite obtivéronse os informes do Concello de Boqueixón, da Dirección Xeral de Planificación e Protección Civil, da Subdirección Xeral de Recursos Minerais, do Instituto de Estudos do Territorio (IET), do organismo autónomo Augas de Galicia, da Axencia Galega de Infraestruturas e da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (DXPC). Os informes emitidos non formulan obxeccións ou reparos á Modificación proposta, indicándose polo IET a necesidade de referir na Memoria a incidencia sobre a paisaxe.

O Concello de Santiago solicitou informe á Delegación do Goberno, á Deputación Provincial, a Estradas do Estado, e ás Direccións Xerais da Rede Ferroviaria, de Aviación Civil e de Telecomunicacións.

No expediente constan os informes emitidos pola Dirección Xeral de Planificación e Avaliación da Rede Ferroviaria, pola Dirección Xeral de Telecomunicacións, pola Demarcación de Estradas do Estado, e pola Deputación Provincial da Coruña, todos eles favorables á Modificación.

O informe da Delegación do Goberno presúmese favorable polo transcurso do prazo de 3 meses, de acordo coa Disposición adicional segunda la Lei 13/2003.

Respecto do informe solicitado á Dirección Xeral de Aviación Civil, a Disposición adicional 2ª do RD 2591/1998 sinala un prazo de seis meses, transcorrido o cal o informe se presume “*desconforme*”, se ben este efecto ten un alcance limitado, posto que o apartado 4 da disposición impide a aprobación do plan unicamente *no que afecte ao exercicio das competencias estatais*. No Anexo correspondente da memoria xustifícase o cumprimento da normativa sectorial aplicable nesta materia, concluíndo que a MP non altera as actuais condicións de exercicio das competencias da administración aeronáutica que resultan do planeamento actualmente en vigor. Tampouco supón incremento do número de persoas afectadas polos usos residencial, educativo e sanitario respecto do plan vixente.

3. PARTICIPACIÓN PÚBLICA E APROBACIÓN PROVISIONAL

A MP aprobouse inicialmente polo Pleno Municipal o día 12.03.21, e someteuse a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia e no xornal *El Correo Gallego* o día 16.03.2021, así como no taboleiro de edictos do Concello.

Durante este trámite de información pública formuláronse 29 escritos de alegacións, que constan analizadas en sendos informes, técnico e xurídico, asinados o 31 de agosto de 2022.

A resultas das alegacións formuladas e outras cuestións suscitadas, propúxose incorporar algúns cambios no documento inicialmente aprobado, elaborándose en setembro de 2022 un documento reformado de aprobación provisional.

Con data 12 de setembro de 2022 o Pleno Municipal acordou abrir un novo trámite de participación pública sobre as modificacións propostas, publicándose anuncios no taboleiro, no Diario Oficial de Galicia e no xornal La Voz de Galicia o día 14 de setembro de 2022.

No segundo trámite de información pública formuláronse un total de 541 escritos de alegacións, que foron obxecto dun informe asinado pola arquitecta municipal o 22 de novembro de 2022, e outro xurídico asinado o mesmo día. Nos citados informes emítese unha resposta motivada as distintas cuestións suscitadas, afondando tamén nos argumentos que xa foran verquidos en informes anteriores.

Con data 30 de novembro de 2022 o Pleno municipal aprobou provisionalmente a MP, recolléndose no acordo de aprobación provisional a resposta ás distintas cuestións formuladas no trámite de participación cidadá.

Con data 2 de decembro de 2022 remitiuse o proxecto aprobado provisionalmente a informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio, en cumprimento do disposto polo artigo 60.13 da LSG.

4. RECLAMACIÓN DE NULIDADE FORMULADA POR CARBURANTES LUGO S.L

Con data 12 de xaneiro de 2023, don JOSÉ MANUEL COSTA MORENO, en representación da mercantil CARBURANTES LUGO S.L., alega a nulidade das determinacións da MP que limitan a compatibilidade das instalacións de subministro de carburantes a determinados tipos ou categorías de establecemento comercial.

Entende que a regulación proposta é contraria ao artigo 3 do RD lei 6/2000, posto que este precepto configura as instalacións de subministro de carburantes como un equipamento anexo a calquera establecemento comercial, e, por ende, non afectado polo réxime de compatibilidade de usos que poida definir o planeamento urbanístico.

É preciso considerar que o acordo de aprobación provisional da MP é un acto administrativo de mero trámite, non susceptible de impugnación, debendo os interesados formular os recursos que procedan contra o acordo de aprobación definitiva, cando se adopte. En todo caso, unha vez que se aprobe definitivamente a MP, a normativa urbanística non é susceptible de recurso en vía administrativa (artigo 112.3 da Lei 39/2015), debendo de formularse a súa impugnación en vía contencioso-administrativa.

Polo tanto, a reclamación presentada, ademais de ser extemporánea, carece de obxecto, posto que non se dirixe contra unha disposición do planeamento aprobada e en vigor. Ademais, ao referirse a un acto de trámite -non definitivo- procede a súa inadmisión, ao abeiro do disposto polo artigo 116.c) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común (LPA).

Sen prexuízo da inadmisibilidade formal da reclamación presentada, estímase conveniente efectuar as seguintes consideracións xurídicas sobre o fondo do asunto.

En contra do pretendido pola alegante, a STC 34/2017 confirmou que as reformas introducidas polo RD lei 6/2000 non alteraban as competencias autonómicas e municipais de ordenación dos usos do solo. Polo tanto, o planeamento urbanístico segue a ser o instrumento apto para regular os usos e actividades permitidas en cada zona, se ben as limitacións ou restricións que de ser o caso se sinalen para determinadas actividades deberán obedecer a criterios urbanísticos, relacionados coa protección do medio urbano.

A normativa estatal básica aplicable nesta materia impide ao Concello denegar a instalación de subministro *con base na mera ausencia de solo especificamente cualificado para este fin*. Así mesmo, prohíbe ao planeamento que regule os aspectos técnicos das instalacións, pero non impide que regule os parámetros e as condicións urbanísticas aplicables a este tipo de instalacións. Así, do mesmo xeito que o plan decide en que zonas se poden implantar usos comerciais, tamén pode concretar os tipos ou categorías de establecemento comercial autorizables en cada zona, regulando as condicións urbanísticas aplicables ás distintas actividades.

Neste senso, a STS de 3.09.2015 (rec. 3408/2014) considera compatibles as limitacións da actividade baseadas en intereses urbanísticos, e a STS 259/2016 estima que o plan pode regular os requisitos estritamente urbanísticos para autorizar este tipo de instalacións nas parcelas de uso comercial, sempre que esta regulación sexa *proporcionada* ao interese público perseguido.

Pois ben, a MP non impide que se autoricen instalacións de subministro de carburantes nas parcelas cualificadas para uso comercial, pero esixe que se cumpran tamén determinadas condicións urbanísticas, que atenden ao concreto emprazamento do establecemento e á súa relación co sistema viario e coa mobilidade urbana.

A MP en trámite diferencia dous tipos de establecemento comercial, atendendo á súa relación co tecido urbano e coa mobilidade (artigo 109.2.E):

E1: os comercios de proximidade, situados a pé de rúa e integrados no tecido urbano residencial, destinados a proporcionar servizos á poboación residente

E2: os comercios periféricos, situados en ámbitos específicos de uso empresarial ou nas vías de comunicación, e *separados do continuo urbano residencial*, concibidos basicamente para que as persoas usuarias accedan a eles en vehículo privado.

O criterio diferenciador entre un e outro tipo de establecemento reside no seu efectivo grado de integración no tecido residencial e na súa afección á mobilidade sustentable. Así, nos terreos que conforman o *continuo urbano residencial*, a MP busca favorecer o comercio de proximidade que proporciona servizos á poboación residente e minimiza o uso do automóbil. Suposto distinto é o das grandes superficies e dos establecementos periféricos, que son espazos comerciais concibidos e deseñados para que accedan en vehículo privado usuarios de calquera zona do municipio, ou mesmo da comarca. Posto que as instalacións de subministro de carburantes requiren sempre o acceso en automóbil, convén que se empracen en parcelas directamente accesibles en vehículo privado dende a rede viaria de sistema xeral, impedindo que se empracen nas vías especificamente proxectadas para a circulación das persoas residentes.

A protección do medio urbano e da mobilidade sostible é unha necesidade imperiosa de interese xeral que non pode acadarse neste caso con outras medidas menos restritivas, xa que as instalacións de subministro de carburantes incrementan de forma significativa o tráfico rodado en vías que foron concibidas para o acceso dos residentes e dos usuarios das específicas actividades permitidas no plan. Non ofrece dúbida que este tipo de instalacións supoñen un grave impacto no tráfico das vías nas que se implantan, afectando de forma substancial á mobilidade urbana. Por iso a súa autorización co carácter de instalacións auxiliares ou complementarias dun establecemento comercial, se suxeita ao cumprimento duns requisitos urbanísticos específicos de relación coa rede viaria e coa mobilidade, que só concorren nos tipos D2 (grandes superficies) e E2 (establecementos periféricos). En consecuencia, do mesmo xeito que o plan decide en qué parcelas se pode implantar un establecemento comercial, tamén pode esixir específicas condicións urbanísticas para determinadas instalacións, vinculando a súa compatibilidade a concretos tipos de establecemento definidos no plan. Posto que esta tipificación atende a criterios meramente urbanísticos (relación coa rede viaria e coa mobilidade, e integración no núcleo residencial), trátase dunha limitación de carácter urbanístico, que non invade as competencias sectoriais.

Unha cousa é que o planeamento non poida denegar a instalación *con base na mera ausencia de solo especificamente cualificado para este fin* -como indica o teor literal da norma estatal-, e outra, ben distinta, é a potestade de condicionar a súa autorización como uso compatible ao cumprimento de específicas condicións urbanísticas. A MP considera que, para garantir a mobilidade sostible, este tipo de instalacións deben limitarse ás vías de comunicación xeral separadas do continuo urbano residencial (establecementos periféricos), ou ás grandes superficies comerciais, impedindo a súa implantación como uso compatible noutros tipos de establecemento inseridos no tecido residencial.

Trátase en todo caso dunha limitación xustificada en intereses urbanísticos de protección do medio urbano e da mobilidade, que non infrinxe a normativa estatal básica, posto que esta non exclúe a potestade do planeamento urbanístico para regular as condicións estritamente urbanísticas deste tipo de instalacións, como uso compatible ou tolerado nos establecementos comerciais.

A MP baséase nos principios de desenvolvemento urbano sostible positivizados no artigo 3 do Texto refundido da Lei do Solo (RD lexislativo 7/2015), que refire, entre outros, a “*minimización*” das emisións contaminantes e o equilibrio dos núcleos residenciais. Para acadar estes obxectivos, o plan establece un réxime de compatibilidade de usos nas zonas residenciais dirixido a favorecer as actividades que proporcionan servizos á comunidade residente, limitando aquelas outras que poidan alterar o equilibrio do medio urbano. Na regulación dos diferentes usos compatibles co residencial, a MP distingue categorías, permitindo só aquelas cuxas condicións ou requisitos “*contribúen ao correcto funcionamento do uso característico*” (artigo 105.B). Segundo recoñece a recente STS de 15.12.2022 (rec. 8378/2021), o plan non ten que xustificar as limitacións que para os centros comerciais se impoñen en función dos niveis ou tipos que se definen, senón máis ben que a mesma configuración deses niveis, en canto limitacións, sexa axeitada para os fins que o plan pretende acadar ou protexer.

En resumo, a limitación de determinadas instalacións compatibles a concretas categorías de establecemento comercial resulta coherente cos obxectivos da regulación pretendida, e baséase en criterios puramente urbanísticos de protección do equilibrio urbano e da mobilidade sostible no tecido residencial.

5. INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO (DXOTU)

O informe asinado pola DXOTU o día 7.02.2023 é favorable á MP, coas condicións que expresamente se recollen no epígrafe III.

No documento que se somete a aprobación definitiva foron xa corrixidos os erros sinalados nos apartados 4.b, 4.c, 4.f, e 4.g.

Así mesmo, procedeuse a emendar todas as cuestións apuntadas nos restantes apartados do informe (2, 3, 4.a, 4.d, 4.e, 4.h, e 4.i), como pode comprobarse na redacción do documento de aprobación definitiva.

Cómpre engadir que a MP pretende evitar na medida do posible incorporar ao texto normativo do PXOM o contido de concretos preceptos da normativa aplicable, posto que estes poden ser modificados ou mesmo derogados con posterioridade á aprobación do plan. Por este motivo, óptase por efectuar unha remisión xenérica ás disposicións aplicables da lexislación do solo de Galicia, evitando que o PXOM poida no futuro devir contraditorio coa lexislación vixente no momento de aplicarse o plan.

En relación co sinalado no apartado 4.a), entendemos que o informe se está a referir aos parágrafos noveno e décimo do artigo 107.5, nos que se define a condición de vivenda exterior. O Decreto 29/2010 esixe que polo menos a estancia maior e outra estancia, cando a vivenda conte con máis dunha, teñan iluminación e ventilación directa a través de “*espazos exteriores de calidade*”, admitindo que estes poidan ser públicos ou privados.

O documento que se somete a aprobación definitiva incorpora a obrigatoriedade de cumprir os requirimentos da normativa aplicable en materia de habitabilidade, pero esixe que en todo caso polo menos dúas estancias, ou unha estancia e a cociña, teñan ocos á rúa, praza ou espazo libre público. Polo tanto, a vivenda deberá cumprir non só estas condicións específicas sinaladas no PXOM, senón tamén as outras que

resulten de obrigado cumprimento segundo a normativa aplicable en materia de habitabilidade. Ademais, esta normativa é de aplicación supletoria en todo o que non se atope expresamente definido ou regulado no planeamento urbanístico.

Ningunha das reformas introducidas altera o contido substancial do documento aprobado provisionalmente, tratándose de meras clarificacións na redacción da normativa para evitar posibles discrepancias coa lexislación aplicable.

6. CONCLUSIÓNS

O documento de MP que se somete a aprobación definitiva, elaborado polos servizos técnicos municipais en febreiro de 2023, emenda todas as cuestións sinaladas no informe vinculante da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

As emendas realizadas non teñen carácter substancial, e responden ao estrito cumprimento da normativa sectorial e urbanística aplicable.

O órgano competente para adoptar o acordo de aprobación definitiva é o Pleno municipal, consonte ao disposto nos artigos 61 da LSG e 123.1.i) da Lei de bases do réxime local

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.”

PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA

Con base no exposto, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Inadmitir a trámite a reclamación de nulidade presentada o día 12 de xaneiro de 2023 por CARBURANTES LUGO S.L.

Segundo: Aprobar definitivamente a Modificación puntual do Título III do PXOM para a regulación dos usos, segundo o documento elaborado polos servizos técnicos de Planeamento e Xestión Urbanística en febreiro de 2023.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa urbanística publicarase no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a Modificación do PXOM no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

Á vista da proposta transcrita, máis do ditame favorable da Comisión de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos correspondente a súa sesión extraordinaria do día 13 de febreiro do corrente ano, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos

municipais do PSdeG-PSOE e de CA (9 PSdeG-PSOE e 5 CA), 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP e 3 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do BNG e do concelleiro non adscrito (2 BNG e 1 N/A), polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

Primeiro: Inadmitir a trámite a reclamación de nulidade presentada o día 12 de xaneiro de 2023 por CARBURANTES LUGO S.L.

Segundo: Aprobar definitivamente a modificación puntual do Título III do PXOM para a regulación dos usos, segundo o documento elaborado polos servizos técnicos de Planeamento e Xestión Urbanística en febreiro de 2023.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa urbanística publicarase no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a Modificación do PXOM no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

3. ALCALDÍA. Referencia: 2023/00006470N.

CONCESIÓN DA MEDALLA DE PERMANENCIA DA POLICÍA LOCAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

A proposta é do seguinte teor literal:

“O Regulamento do Corpo de Policía Local de Santiago de Compostela se recoñecerá coa Medalla de permanencia aos policía locais cando cumpran trinta anos de servizo no corpo e acrediten unha traxectoria profesional excepcional.

A concesión desta distinción non pode entenderse como a mera constatación dunha antigüidade máis ou menos dilatada no servizo da Policía Local. Ao contrario, este premio debe ser a expresión do recoñecemento ao labor desempeñado polos policía propostos, sen distinción de categoría ou funcións, na protección do libre exercicio dos dereitos da cidadanía, na garantía da seguridade cidadá e, en definitiva, a prol do benestar común na cidade.

O artigo 41 do Regulamento Corpo de Policía Local de Santiago de Compostela dispón que a proposta para o outorgamento dos premios e distincións se elevará ao Pleno da Corporación, que decidirá sobre o seu outorgamento.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Outorgar aos policía locais que se relacionan a continuación a Medalla de permanencia da Policía Local de Santiago de Compostela, en recoñecemento á súa antigüidade no corpo e traxectoria excepcional na prestación de servizos:

M ^a BELÉN	SIXTO SANTOS
RAMÓN	PAMPÍN FERREIRO
JAVIER	PORTO BECERRA
MANUEL	SEOANE GARCÍA
SANTIAGO	TOJO ROZAS
JOSÉ MANUEL	UZAL RODRÍGUEZ
JOSÉ ANTONIO	BERDULLAS NIETO
JAVIER	ARES AMIL
JESÚS MIGUEL	BLANCO GUERRA
JOSÉ	CAMINO FERNÁNDEZ
VÍCTOR	CARBALLIDO VÁZQUEZ
RAÚL	FIDALGO GARCÍA
JOSÉ MANUEL	LÓPEZ RODRÍGUEZ
ANÍBAL	MOURELOS GARCÍA
MANUEL	PEÑA SÁNCHEZ
JULIO A.	RODRÍGUEZ CORTÉS
ANTONIO	VEZ CERNADAS
JOSÉ RAMÓN	BLANCO FERRO
MANUEL	CURROS ESPERANTE
MANUEL	IGLESIAS REBOREDO
JOSÉ ÁNGEL	IGLESIAS TOJO
ANTONIO	LÓPEZ GARCÍA
OVIDIO	LÓPEZ RODRÍGUEZ
JOSÉ	PEÑA SÁNCHEZ
JOSÉ MANUEL	POMBO RAMOS
EDUARDO	CASTRO OTERO
JOSÉ RAMÓN	CONDE PAZOS
CARLOS	GONZÁLEZ RENDO
M ^a LOURDES	GROBAS FERNÁNDEZ
FRANCISCO	PENA TURNES
JOSÉ MANUEL	POMBO BOQUETE
ANDRÉS	BAO VALIÑO
SEBASTIÁN	CARREIRA QUINTELA
BEGOÑA	DEL RÍO MARTÍNEZ
JUAN CARLOS	LÓPEZ LÓPEZ
ALFREDO JUAN	MARTÍNEZ VIAÑO
ANDRÉS	NOUCHE RAMA
JOSÉ MANUEL	SUÁREZ NIETO
FRANCISCO JAVIER	VÁZQUEZ ILLODO
JOSÉ ELISARDO	VÁZQUEZ MOAR
MAXIMINO	VIAÑO MARCOS
RAMÓN	CREO BLANCO
JOSÉ	MÉNDEZ FERNÁNDEZ
JUAN JOSÉ	COUCE CALVO
ANTONIO	MALVIDO LOJO

JESÚS	CAPEÁNS VARELA
EDUARDO	BECERRA BELLO
ABELARDO	PAINCEIRA ANEIROS
JUAN CARLOS	VÁZQUEZ ILLODO
JUAN ÁNGEL	NOYA PADÍN
JOSÉ A.	PENA SANTAMARINA
JOAQUÍN MARÍA	SOUTO IGLESIAS
JESÚS	PÉREZ MARTÍNEZ
JOSÉ MANUEL	ÁLVAREZ LÓPEZ
JOSÉ RAMÓN	SILVA DIESTE

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

Outorgar aos policía locais que se relacionan a continuación a Medalla de permanencia da Policía Local de Santiago de Compostela, en recoñecemento á súa antigüidade no corpo e traxectoria excepcional na prestación de servizos:

Mª BELÉN	SIXTO SANTOS
RAMÓN	PAMPÍN FERREIRO
JAVIER	PORTO BECERRA
MANUEL	SEOANE GARCÍA
SANTIAGO	TOJO ROZAS
JOSÉ MANUEL	UZAL RODRÍGUEZ
JOSÉ ANTONIO	BERDULLAS NIETO
JAVIER	ARES AMIL
JESÚS MIGUEL	BLANCO GUERRA
JOSÉ	CAMINO FERNÁNDEZ
VÍCTOR	CARBALLIDO VÁZQUEZ
RAÚL	FIDALGO GARCÍA
JOSÉ MANUEL	LÓPEZ RODRÍGUEZ
ANÍBAL	MOURELOS GARCÍA
MANUEL	PEÑA SÁNCHEZ
JULIO A.	RODRÍGUEZ CORTÉS
ANTONIO	VEZ CERNADAS
JOSÉ RAMÓN	BLANCO FERRO
MANUEL	CURROS ESPERANTE
MANUEL	IGLESIAS REBOREDO
JOSÉ ÁNGEL	IGLESIAS TOJO
ANTONIO	LÓPEZ GARCÍA
OVIDIO	LÓPEZ RODRÍGUEZ
JOSÉ	PEÑA SÁNCHEZ
JOSÉ MANUEL	POMBO RAMOS
EDUARDO	CASTRO OTERO
JOSÉ RAMÓN	CONDE PAZOS
CARLOS	GONZÁLEZ RENDO
Mª LOURDES	GROBAS FERNÁNDEZ

FRANCISCO	PENA TURNES
JOSÉ MANUEL	POMBO BOQUETE
ANDRÉS	BAO VALIÑO
SEBASTIÁN	CARREIRA QUINTELA
BEGOÑA	DEL RÍO MARTÍNEZ
JUAN CARLOS	LÓPEZ LÓPEZ
ALFREDO JUAN	MARTÍNEZ VIAÑO
ANDRÉS	NOUCHE RAMA
JOSÉ MANUEL	SUÁREZ NIETO
FRANCISCO JAVIER	VÁZQUEZ ILLODO
JOSÉ ELISARDO	VÁZQUEZ MOAR
MAXIMINO	VIAÑO MARCOS
RAMÓN	CREO BLANCO
JOSÉ	MÉNDEZ FERNÁNDEZ
JUAN JOSÉ	COUCE CALVO
ANTONIO	MALVIDO LOJO
JESÚS	CAPEÁNS VARELA
EDUARDO	BECERRA BELLO
ABELARDO	PAINCEIRA ANEIROS
JUAN CARLOS	VÁZQUEZ ILLODO
JUAN ÁNGEL	NOYA PADÍN
JOSÉ A.	PENA SANTAMARINA
JOAQUÍN MARÍA	SOUTO IGLESIAS
JESÚS	PÉREZ MARTÍNEZ
JOSÉ MANUEL	ÁLVAREZ LÓPEZ
JOSÉ RAMÓN	SILVA DIESTE.

Faise un receso das 11:05 ás 11:10 horas.

4. COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO RESPONSABLE DO CONTRATO DE ALUGUEIRO DUN INMOBLE NO PARQUE EMPRESARIAL DA SIONLLA.

Á vista do acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria do pasado día 26 de xaneiro, comparece o Sr. Alcalde.

O Alcalde pecha a sesión ás 11:55 horas. Dou fe.